

# **Proposta da CTNL sobre a comarcalización de servicios lingüísticos**

## **II Encontros para a normalización lingüística**

**Santiago de Compostela, 1998**

*Relatores:*

*Xulio César Álvarez Docampo*

*Socorro García Conde*

*Valentín García Gómez*

## **1 Aproximación histórica ás principais medidas adoptadas dende 1979 na normalización lingüística de ámbito local**

### **1979:**

No ano 1979 teñen lugar as primeiras eleccións municipais democráticas despois do franquismo. Trala súa celebración -e sobre todo a iniciativa de organizacións políticas nacionalistas-, varias entidades locais aprobaron resolucións declarando o galego “lingua oficial” da Corporación.

### **1981:**

EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia: Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia)

Convén lembra-lo artigo 5, especialmente o punto 3:

- 1. A lingua propia de Galicia é o galego.*
- 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.*
- 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.*
- 4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.*

### **1983:**

LNL (Lei de normalización lingüística: Lei 3/1983, do 15 de xuño)

Con especial mención ó ámbito local, cómpre cita-los seguintes artigos:

Título II: do uso oficial do galego

*Artigo 4: 1. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial (...) da Administración local. (Aínda que, no punto 2 advirte que “tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado).*

*Artigo 6: 4. A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán (tamén) facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei.*

*Artigo 11: 2. Nas probas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autónoma e local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.*

Título VI: da Administración autonómica e a función normalizadora

*Artigo 22: O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á Administración e ós particulares e coordinará os servizos encamiñados a conseguí-los*

*obxectivos da presente Lei.*

*Artigo 23: o Goberno galego establecerá un plan [¿un Plan de Normalización Lingüística (PNL)?] destinado a resalta-la importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.*

*Artigo 25: O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego (...).*

O “desenvolvemento lexislativo” da LNL no ámbito específico da Administración local terá que agardar ata o ano 1998, e ademais, algunhas das propostas citadas aínda hoxe non tiveron unha realización estricte e efectiva: plan, seguimento do proceso, coordinación...

Xorden os primeiros “servicios de normalización lingüística (SNL)”. Malia que sen un modelo nin un perfil claro, tanto no tocante ó seu funcionamento coma ó seu *status* legal, a súa aparición supuxo un salto cualitativo na concepción da “política lingüística” para algunhas administracións locais, e que se irá estendendo a outros concellos. Así, seguindo o modelo que se estaba a implantar en Cataluña, o Concello de Redondela crea o primeiro SNL, ó que se vai sumar, poucos meses despois, o Concello de Fene (1984).

#### **1984:**

Constitúese por estas datas a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG), que vai promover que o Concello de Santiago convoque, para o 17 de maio dese ano, a coñecida como “Asemblea de Alcaldes de Compostela”, estando representados preto de 100 concellos, e na que se ratifica e asemade se asume a importancia da Administración local no proceso normalizador, acadándose un compromiso de tomar medidas concretas (10, en total). De feito, subscriben un manifesto (a “Declaración dos alcaldes galegos reunidos en Santiago de Compostela”) comprometéndose os asinantes a tentar “adoptar, entre outras, as seguintes medidas tendentes a normalizaren o uso da lingua galega nas súas propias administracións:

- 1.- Valoración preferente do coñecemento do idioma galego nos programas para o acceso á función pública local.*
- 2.- Programación de cursos de lingua galega para os funcionarios en horas laborables, sendo obrigatoria a presenza dun funcionario, cando menos, por unidade administrativa con coñecemento do idioma galego.*
- 3.- Todo o caudal documental dos servizos administrativos será emitido en galego.*
- 4.- Rotulación das dependencias das “Casas Consistoriais” en galego.*
- 5.- Creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística, encargado de asesorar e executa-la política lingüística (o problema era ¿que política lingüística?) ad intra e ad extra da corporación.*

- 6.- *Potenciarase o galego como instrumento normal de comunicación dentro da Corporación. (Sen embargo, matizan que) Nas actas recolleranse as intervencións na lingua en que se expresen.*
- 7.- *Rotulación en galego das rúas, liñas de autobuses, servicios municipais ou concesionarias, etcétera.*
- 8.- *Os Concellos potenciarán e apoiarán a organización de cursos para a alfabetización de adultos en galego.*
- 9.- *Primarase o emprego do galego no campo publicitario mediante unha redución da taxa correspondente (de acordo co artigo 25 da LNL, que previa a posibilidade de reducións ou exencións das obrigas fiscais). O propio concello publicará en galego os seus bandos, edictos e anuncios en xeral.*
- 10.- *Organización de campañas, ben sexan propias ou en colaboración con outras Corporacións e Entidades, que teñan como obxectivo a normalización, dignificación e promoción do uso público da lingua galega”.*

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e Administración Pública, varios concellos e maila Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto da Lingua Galega (ILG), polo que esta se comprometía a editar os *Cadernos de Documentación Municipal*, publicacións referidas ás áreas de xestión administrativa dun concello (Persoal, Contratación, Urbanismo, etcétera...).

### **1988:**

Lei de uso do galego, como lingua oficial de Galicia, polas entidades locais (Lei 5/1988, do 21 de xuño).

Na parte introdutoria podemos ler cousas tan cargadas de boas intencións coma estas:

*A finalidade da presente Lei é a de establecer un criterio normativo impulsor do progresivo proceso de normalización do galego na Administración local, na procura dun clima social e político que multiplique os esforzos que se veñen realizando para a recuperación do uso normal da lingua.*

### **Artigo 1:**

*1. As convocatorias de sesións ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega. [Sen embargo, atopámonos de novo coa “protección” do castelán, que non se cita explicitamente.]*

*2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as devanditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial.*

Este artigo será retomado nas sucesivas convocatorias de “Subvencións ós

concellos de Galicia para a normalización da lingua galega”, ata a última do venres 14 de agosto de 1998, que recolle xa as modificacións introducidas no artigo 7 da Lei de Administración local de Galicia. Por outra banda, é unha tradución case exacta do artigo 86.1 do Regulamento da Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que establece que “As convocatorias de sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e dictames das comisións informativas redactaranse en lingua castelá ou na lingua oficial da comunidade autónoma á que pertenza a entidade...”, advertindo xa, no punto 2, que “Nos debates poderanse utilizar, indistintamente, a lingua castelá ou a oficial da comunidade autónoma respectiva”.

Artigo 2:

1. *Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega.*
2. *Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.*

Finalmente, a disposición transitoria establecía, inxenuamente, no seu punto 1, un prazo de dous anos para que as entidades locais incorporasen o galego como “lingua normal” nos actos escritos. (Lembremos, ademais, que só dous anos máis tarde -a partir do ano 1990- se convocarían os primeiros cursos de reciclaxe para funcionarios da Administración Local, ou sexa, xusto cando remataba o prazo que a propia Lei establecía. Seguramente os bos propósitos e as perspectivas do lexislador víronse superados por unha realidade máis adversa do que quizais era previsible).

No seu punto 2, a Xunta comprometíase a elaborar un programa de actuacións para garanti-lo cumprimento da lei.

Citando textualmente as palabras de don Xosé Sánchez Puga, xefe de Servicio de Plans e Programacións da DXPL (Dirección Xeral de Política Lingüística), “O programa de actuacións da Xunta de Galicia para garanti-lo cumprimento da lei circunscribiuse sobre todo ás seguintes iniciativas:

- Convenio co Instituto da Lingua Galega (ILG) para a potenciación da Sección de Linguaxe Administrativa e para a edición do *Boletín Informativo da Administración Local*.
- Convocatoria de cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, organizados pola DXPL.
- Convocatoria de subvencións para as corporacións locais para a creación de Servicios Municipais de Normalización Lingüística, compra de material bibliográfico, campañas de rotulación interior e exterior e normalización da

documentación administrativa”. (*in: Dinamización e Normalización Lingüística*, editor Anxo M. Lorenzo Suárez, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1997, páx. 137).

- Proposta de “Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística”, elaborada por iniciativa da AFNLG. Isto vai levar a que moitos concellos galegos aproben a devandita ordenanza como regulamento que desenvolve e concreta o disposto na devandita Lei 5/88.

### **1990:**

Créase a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (Decreto 221/1990, do 22 de marzo), que “ten como finalidade promover e potencia-lo uso da lingua galega”.

Atopámonos de novo cun preámbulo ateigado de plausibles desexos. Resulta, sen embargo, un tanto frustrante que, despois destas introduccións entre poéticas e panexíricas (“un idioma propio constitúe a base máis esencial da identidade dun pobo e o máis forte vínculo de unión entre as súas xentes”), que seguramente asinarían os nosos máis insignes e convencidos galeguistas de antano, as disposicións propiamente lexislativas -e as actuacións “normalizadoras” que delas se derivan- non acaben nunca de satisfacer plenamente as expectativas levantadas ó comezo.

Polo que atinxe ó ámbito local, sinala entre as súas accións:

Artigo 4:

1. *O fomento e a difusión e normalización do galego na Administración pública, así como a fixación da súa linguaxe administrativa.*
2. *O fomento da colaboración coas deputacións e demais entidades locais impulsando a normalización progresiva do uso do galego por parte do persoal ó seu servicio.*
5. *A coordinación dos programas de subvencións concedidas en materia de promoción da lingua galega.*

Esta comisión determinou, na súa sesión do 4 de maio deste mesmo ano, “a urxente necesidade de proceder a potencia-la normalización lingüística no eido da Administración local”.

Convócanse os primeiros cursos de reciclaxe (lingüística) para funcionarios da Administración local.

(A primeira “Orde pola que se convocan cursos de formación en lingua galega para o cadro de persoal das corporacións locais” é do 23 de maio de 1990 (DOG núm. 103, do 29-5-90) e parte da Consellería da Presidencia e Administración Pública “coa finalidade de impulsa-la normalización lingüística na Administración Local”. Como a mesma orde sinalaba literalmente, tratábase “de conseguir, no mínimo prazo de tempo, que en tódalas corporacións locais exista, polo menos, un funcionario que se responsabilice da tradución dos documentos sinalados no artigo 1 da Lei 5/1988”. Establecíase un plan de estudos integral, estruturado en



tres cursos -básico, medio e de especialización en linguaxe administrativa galega, e aqueles funcionarios que os superasen acadarían o diploma de “traductor oficial de linguaxe administrativa local galega”. Prevíase, ademais, que esta figura puidese constituí-lo “elemento impulsor dunha unidade de normalización lingüística a nivel local”. (É a primeira vez que a nosa lexislación lingüística se refire explicitamente a algo que sería o máis parecido a un SNL, aínda que quizais de xeito moi vago e ambigüo, e centrándose case exclusivamente na redacción en galego da documentación á que se alude no artigo 5.1 da Lei 5/1988).

En concreto, este ano só se convocaron cursos de nivel básico (14). Nos anos seguintes convocaranse xa os cursos de grao medio (13/1991) e de especialización -no ano 1992, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)-.

### **1991:**

A Dirección Xeral de Política Lingüística convoca por primeira vez unha liña de axudas ás corporacións locais para a constitución de SNL -e mesmo dá unhas “orientacións” sobre o que se debe entender por SNL. A primeira “Orde pola que se regula a concesión de subvencións ás corporacións locais de Galicia para a normalización da lingua galega” é do 23 de xaneiro de 1991 (DOG núm. 44, do 4-3-91). Prevíanse catro modalidades, que eran, por orde de prioridade:

- 1. Creación de servicios municipais de normalización lingüística, que tiñan que contar, polo menos, cun “especialista en lingua galega”.*
- 2. Gastos producidos pola instalación de rótulos indicativos en lingua galega, tanto interiores coma exteriores, na casa do concello ou en calquera outra dependencia municipal.*
- 3. Gastos producidos pola traducción e impresión en lingua galega de tódolos impresos en papel oficial do Concello.*
- 4. Compra de material bibliográfico, didáctico e de apoio para o servicio de normalización lingüística, xa existente ou de nova creación.*

Asemade, o artigo terceiro pretendía “definir” ese modelo de SNL, que debería cumprir tres misións:

- a) Velar porque sexa aplicada a LNL de Galicia no ámbito de actuación do concello, así como a Lei 5/1988, sendo as accións máis salientables: confección en galego de actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, dictames das comisións informativas, mocións, etcétera, e o dispoñeren de tódolos impresos oficiais en lingua galega,*
- b) Ofrecerlle ó público asesoramento lingüístico para a corrección de textos galegos e para a súa traducción, se fose posible. Deben estimularlos comerciantes, asociacións e outros colectivos para que fagan os seus escritos en galego. (Unha das poucas veces en que se alude explicitamente á dinamización fóra das dependencias e actividades internas do concello)*
- c) Impulsa-la normalización do galego en diferentes ámbitos da vida pública, “de acordo cos plans elaborados pola Dirección Xeral de Política Lingüística e de xeito, pois, coordinado.”*

Estas convocatorias, que se van repetir cada ano, permiten que vaian agromando SNL en distintos concellos de Galicia . Nese ano só 4 (Narón, Rianxo, Cervo e Moaña), acadándose un máximo de 30 ano 1992, pero moi lonxe aínda de cumprilos obxectivos previstos nesta primeira convocatoria. Ademais, estiveron, na maioría dos casos, marcados pola inestabilidade e pola falta de continuidade - dependente, maioritariamente, da concesión de subvención- (1988/4, 1989/6, 1990/14, 1991/10, 1992/30, 1993/28, 1994/26).

(Na actualidade mantéñense estas axudas, aínda que convocadas agora a través da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. A última, do 14 de agosto de 1998, presenta algunhas “novidades” que convén citar:

En relación coas modalidades: agora prevense tres:

- 1. Mantemento dos servizos municipais de normalización lingüística xa existentes.*
- 2. Creación de novos servizos municipais de normalización lingüística, debidamente xustificados e sempre que exista crédito suficiente.*
- 3. Fomento da lingua galega mediante o seu uso en actividades tales como publicacións de actos culturais, deportivos, turísticos, etcétera, promovidos polo concello.*

En relación cos labores do SNL -agora denominados Gabinetes Municipais de normalización lingüística-, son practicamente coincidentes, cunha modificación con respecto ó modelo de actuación do 91: non se recolle agora o deber de “estimula-los comerciantes, asociacións e outros colectivos para que fagan os seus escritos en galego”.

### **1992-1996:**

Nada novo que salientar: repítense as convocatorias de cursos de lingua galega e as subvencións para a normalización nos concellos (creación ou mantemento de SNL, rotulación, etcétera).

### **1997:**

Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia (que incorpora -e mesmo amplía- no seu artigo 7 o disposto na Lei 5/88).

Artigo 7:

- 1. O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa administración local. (Malia que o galego xa fóra definida como “lingua propia” de Galicia no EAG e na LNL, o certo é que a Lei 5/1988 falaba de “lingua ‘oficial’ de Galicia polas entidades locais”).*  
*As convocatorias de sesións, dictames, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais galegas redactaranse en lingua galega.*



*2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, tales entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial, o castelán.*

*3. A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración Local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.*

Desgraciadamente, o pulo normalizador que os cursos de lingua galega para funcionarios -locais, ou doutras administracións- podería proxectar vese freado porque segue sen prever ningún tipo de medida que garanta que esa competencia que van adquirir sexa empregada efectivamente por eles no seu labor. É este un gravísimo problema e, ó meu xuízo, unha importante eiva que cómpre atallar de inmediato, algo que, sen dúbida, contribuirá ó propio prestixio, seriedade e eficacia “normalizadora” destes cursos.

Por outra banda, e centrándome nos aspectos positivos, ademais de que se amplía o abano documental que terá que ser redactado en lingua galega, quizais o máis destacable sexa o feito de que se fale explicitamente do galego como lingua propia da Administración local, concepto que podería ser desenvolvido lexislativamente moito máis do que esta Lei fai.

A este respecto, poderíamos mirarnos no espello da recente Lei de política lingüística (Lei 1/1998, do 7 de xaneiro) do catalán, que amosa entre as súas principais novidades, precisamente o desenvolvemento dos conceptos xurídicos de lingua “propia” e de lingua “oficial”:

Lingua propia: aplicado á catalana obriga ós poderes públicos e ás institucións de Cataluña a protexela, a usala de forma xeral e a promove-lo seu uso público a tódolos niveis.

No ámbito oficial e administrativo, as administracións e institucións catalanas deben utilizar de forma xeral o catalán, sen prexuízo do dereito dos cidadáns e cidadás a dirixirse a estas na lingua oficial que estes escollan. Vai se-lo artigo 2 o que determine claramente o que se entende por lingua “propia”:

2. a) A lingua de tódalas institucións de Cataluña, e en especial da Administración da *Generalitat*, da Administración local, das corporacións públicas, das empresas e os servicios públicos, dos medios de comunicación institucionais, do ensino e da toponimia.

2. b) A lingua preferentemente utilizada pola Administración do Estado en Cataluña, na forma que ela mesma determine, polas demais institucións e, en xeral, polas empresas e entidades que ofrecen servicios ó público.

O artigo 9 alude explicitamente á “lingua das administracións de Cataluña”:

9.1. A *Generalitat*, as administracións locais e as demais corporacións públicas de Cataluña, as institucións e empresas que dependen destas e os concesionarios dos seus servicios deben utiliza-lo catalán nas súas actuacións internas e na relación entre eles. Tamén deben utilizalo normalmente nas comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico catalán, sen prexuízo do dereito dos cidadáns e cidadás a recibilas en castelán, se o solicitan.

(Isto é fundamental, xa que a “excepcionalidade” sitúase no castelán, e non na lingua propia da comunidade autónoma, como habitualmente sucede en Galicia). Lingua “oficial”: aplicado ó catalán e ó castelán, garántelle ós cidadáns e cidadás os dereitos subxectivos a aprende-las dúas linguas, a poder usalas libremente en tódalas actividades públicas e privadas, a ser atendidos na que escollan nas súas relacións coas administracións e, de forma gradual e progresiva con tódolos axentes sociais que ofrecen servicios ó público...

O artigo 3. 2 deixa claro que “o catalán e o castelán, como linguas oficiais, poden ser utilizadas indistintamente polos cidadáns e cidadás en tódalas actividades públicas e privadas sen discriminación. Os actos xurídicos realizados en calquera das dúas linguas oficiais teñen, polo que se refire á lingua, plena validez”.

E máis aínda, no punto III do preámbulo, establécese explicitamente que “os cidadáns e cidadás de Cataluña deberán coñecer a lingua catalana e a castelá e terán o dereito a usalas”. (Lembremos que pola “ousadía” dunha declaración semellante, a nosa Lei de normalización lingüística foi obxecto dun recurso de inconstitucionalidade por parte do Goberno español do PSOE en outubro de 1983, e que a propia sentenza do Tribunal Constitucional -STC 84/1986- obrigou a eliminar ese “deber” do articulado da devandita Lei).

E xa para rematar con esta comparación tan desalentadora, quero citar un artigo que debería ser reclamado de inmediato na nosa lexislación lingüística, ou mesmo nunha nova e máis ambiciosa e explícita lei (de normalización) lingüística:

“Artigo 39

As medidas de planificación

1. O Goberno (da *Generalitat*) ha de dotarse de instrumentos de planificación lingüística xeral consistentes en programas periódicos, a fin de establece-los obxectivos e medidas máis convenientes en cada momento e avalia-los seus resultados. A elaboración dos instrumentos de planificación debe ser concertada cos distintos axentes e colectivos implicados e deben terse en conta os principios de participación, simplificación e eficacia.
2. O Goberno (da *Generalitat*) ha de elaborar un mapa sociolingüístico de Cataluña, que debe ser revisado cada cinco anos, a fin de adecuar á realidade a súa acción de política lingüística e, á súa vez, para valora-la incidencia das actuacións realizadas.
3. O Goberno (da *Generalitat*) ha de informar cada ano ó parlamento das actuacións de política lingüística e dos resultados obtidos.

Tendo en conta as eivas evidentes que atopamos na nosa lexislación lingüística -en especial na LNL-, como a non existencia de mandatos obxectivos que obriguen dun xeito concreto ó poder executivo galego -sexa cal sexa o partido político que governe en cada momento-, ó ser simples declaracións de boas intencións -e tampouco excesivamente ambiciosas- con respecto á lingua galega (promover, fomentar, estimular...), ou a ausencia dunha expresión sistemática de obxectivos acordados con tódolos axentes implicados no proceso normalizador e dos prazos



nos que estes deberían acadarse, estou firmemente convencido de que este é un bo referente para nós.

Oxalá que estes encontros sirvan para crear un estado de opinión sobre a situación do proceso de normalización lingüística en Galicia que promova na clase política galega iniciativas parlamentarias encamiñadas á consecución dun novo marco lexislativo que permita un desenvolvemento máis vigoroso do proceso normalizador do galego.

## 2 Informe-proposta sobre a organización dos servizos lingüísticos locais

### 2.1 O marco

O estudo máis amplo e detallado que se realizou ata o momento sobre a situación sociolingüística xeral do galego é o *Mapa sociolingüístico de Galicia* (MSG), que foi elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega por encargo e coa subvención económica da Xunta de Galicia. Parte da información obtida cos traballos do MSG foi publicada en tres volumes, de competencia ou coñecemento, usos e actitudes, dos que recolleemos algún datos significativos.

#### Competencia

##### Lingua inicial

galego	castelán	as dúas	outras
62,4%	25,6%	11,4%	0,6%

##### Dominio efectivo das catro destrezas

entenden	falan	len	escriben
97,1%	86,4%	45,9%	27,1%

#### Uso

##### Lingua habitual

só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
10,6%	20,8%	29,9%	38,7%

##### Lingua habitual segundo a idade

	só castelán	máis castelán	máis galego	só galego
16 a 25 anos	17,7%	37,7%	23%	23,5%
26 a 40	12,9%	24,8%	32,2%	30,2%
41 a 65	7,55	15,2%	33,8%	43,5%
máis de 65	5,8%	9,5%	25,8%	58,9%

#### Actitudes

##### Importancia do tema da lingua

nada importante	pouco importante	importante	bastante importante	moi importante
2,1%	7,7%	44,4%	23,1%	22,8%

##### Opinión sobre o medre e a potenciación do uso do galego

totalmente en	bastante en	indiferent	bastante de	totalmente de
---------------	-------------	------------	-------------	---------------

desacordo	desacordo	e	acordo	acordo
1,3%	2,2%	9,8%	29,8%	56,8%

### O uso normal do galego nos concellos e na Xunta, en comparanza co castelán

moito menos axeitado	2,3%
bastante menos axeitado	8,2%
igual de axeitado	21,5%
bastante axeitado	27,8%
moito máis axeitado	42,5%

Os estudos do MSG, coincidindo en boa medida con outros traballos, salientan o aínda amplo salto entre o coñecemento da lingua e o seu uso, especialmente en determinados contextos e sectores. Fronte a isto, as actitudes son moi positivas, non só a respecto do propio uso senón tamén das actuacións de promoción que se realizan ou poderían realizarse.

Á vista dos datos, para converter as actitudes positivas en uso, é dicir, normalizar o galego en calquera situación e contexto como lingua propia de Galicia (artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia), parecen cumprir actuacións decididas e efectivas dos poderes públicos que consigan axeitar o uso real do galego ás expectativas sociais e mesmo legais.

A poboación enquisada atribúe a distintos axentes a responsabilidade na normalización do galego, resaltando especialmente o papel da Xunta de Galicia e dos concellos:

### Grao de responsabilidade na normalización do galego

(As medias van de 1, nada, a 5, moito)

Goberno central	Ensino	Medios de comunicación	Empresas	Concellos	Xunta	Pais	Intelectuais
2.69	4.11	3.99	3.37	<b>4.27</b>	<b>4.51</b>	4.10	4.18

Estas opinións manifestadas pola cidadanía galega coinciden coa lexislación en materia de lingua. En concreto, a Lei 3/1983, de normalización lingüística sinala, no artigo 25:

*"O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. (...)"*

Correspóndelles logo ás dúas administracións a intervención en actividades diversas de cara a introducir e estender nelas o galego. No mesmo título VI desta lei, artigo 22, xa se especificaba cál debe ser o papel da Administración autonómica:

*"O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de*

*normalización da lingua galega; asesorará á Administración e ós particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguí-los obxectivos da presente Lei".* E a competencia dos concellos foi mesmo concretada, en canto a uns mínimos de uso, nunha lei propia deste ámbito, a Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, que coincide en boa parte co prescrito pola Lei de Administración local de Galicia.

Á parte do indicado especialmente para o uso e a promoción do galego nas entidades locais, cómpre ter en conta o amplo abano de materias en que estas teñen competencias, todas elas cunha decisiva incidencia na vida cotiá. Asemade é necesario salientar unha característica que, por repetida, non é menos importante: o seu carácter de administracións máis próximas á cidadanía.

A concreción destas responsabilidades en materia de promoción do galego tivo un escaso desenvolvemento xeral e moi desigual nos diferentes concellos, tanto en materia regulamentaria como nas actuacións concretas. É evidente que esa concreción depende da decisión política pero tamén, como en calquera outra materia, esta decisión debe estar fundamentada en criterios técnicos. Xa que logo, a CTNL, elaborou e fai pública esta proposta técnica, que quere contribuír á análise das necesidades e á busca de solucións ós problemas que xorden no labor común de facer normal o uso do galego na nosa comunidade.

## **2.2 Os servizos municipais de normalización lingüística**

### **A necesidade da existencia de servizos de normalización lingüística**

As diversas administracións, incluída a local, á hora de levar adiante as súas políticas en calquera eido (sanitario, educativo, económico...), contan con instrumentos técnicos que, por unha banda, executan esas políticas, e por outra, poden ofrecer asesoramento técnico a respecto da súa materia.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, publicou e distribuíu en 1995 o *Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais*, no marco da campaña *No teu concello, na nosa lingua*. Con el pretendíase fornecer ós alcaldes e concelleiros de material de apoio e orientación neste terreo. Pois ben, nese manual defendíase que "a constitución de servizos lingüísticos nas diferentes administracións, incluída a local, é a forma máis idónea de dar resposta a estas necesidades".

### **Os servizos de normalización lingüística (SNL): definición**

No antedito manual, baseándose nas palabras da profesora M<sup>a</sup> Teresa Cabré, definíase un servizo de normalización lingüística ou servizo lingüístico como "unha unidade de traballo, dentro dun organismo, que organiza e resolve tódalas necesidades que o organismo ten sobre a lingua".

Polo feito de ser unha unidade de traballo dentro dun organismo, un SNL debe, como calquera outra unidade, figurar de maneira estable no organigrama dese



organismo de maneira explícita. Desde logo que o lugar que ocupe no organigrama vai ser un pilar fundamental que restrinxirá ou ampliará o seu campo de influencia directa.

Tamén, como unidade de traballo, debe contar con persoal propio especializado, cunha boa formación lingüística e con coñecementos de planificación e dinamización, neste caso. Se o SNL non funciona deste xeito, poderá solucionar necesidades puntuais, pero será un esforzo disperso e desconectado da organización, será un elemento alleo, non integrado nela.

Por outra banda, de acordo coa definición anterior, un SNL debe ter un programa de traballo, e para executalo debe recibir uns recursos financeiros e instrumentais. Ese programa de traballo debe elaborarse en función da política -neste caso, lingüística- dese organismo, dos seus obxectivos.

Polo feito de que un SNL organiza e resolve tódalas necesidades que o organismo ten sobre a lingua, o SNL debe encargarse das cuestións técnicas e de asesorar os responsables do organismo.

Xa que logo, os servicios de normalización lingüística non son os responsables da normalización -ou non- da lingua das organizacións, e si que o son da súa resolución técnica.

### 3 Situación na actualidade nos servizos locais

- Na Administración local, foi na que se constituíron os primeiros servizos de normalización lingüística, o que motiva que sexa das administracións que máis desenvolvida ten a Lei de normalización lingüística.
- Os niveis de uso da lingua son moi desiguais. Xunto a concellos con clara vontade normalizadora, conviven os que se limitan a cumprir formalmente a lexislación vixente, os que a incumpren por desleixo, rutina, precariedade de medios ou mesmo unha pequena minoría belixerante.
- O número de servizos lingüísticos estables é moi reducido, aínda que é importante destacar que se corresponden con catro grandes cidades (Vigo, Santiago, Lugo e Ferrol); dous nas vilas con maior número de habitantes (Vilagarcía de Arousa e A Estrada) e algúns en concellos de máis de 15.000 habitantes (Fene, Redondela, Pontedeume e Moaña).
- Falta de orientación, coordinación e apoio ós SNL. Dispersión de recursos e esforzos.
- Falta de continuidade. O funcionamento da maior parte dos servizos vese coartada e limitada pola contía da subvención outorgada pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- Aínda que a dotación económica para as subvencións a concellos procede da DXPL, esta dirección xeral só ten competencias en política educativa, polo que debe facerse a concesión por medio da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, o que xunto co propio *status* xurídico e administrativo dos concellos, non permite a actuación da política lingüística da Dirección Xeral, en palabras do Director Xeral "...eu non podo entrar nun concello...".
- Escasa formación especializada dos técnicos/as. Falta de formación regrada e reciclaxe profesional.
- Falta de modelo/*status* legal do SNL/SL e do técnico/a en NL.
- Falta de centros/recursos de apoio. Necesidade do funcionamento e operatividade do TERMIGAL, como fonte de asesoramento e estudo.
- Falta dun programa global no que se integre o funcionamento e as actuacións dos servizos lingüísticos.
- Nalgunhas comarcas empeza a formarse o embrión duns novos servizos. Foron creados, segundo a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e a DXPL co fin de aproveita-la comarca como marco estratéxico adecuado para aborda-lo estudio de valores endóxenos e salienta-la súa integración dentro da realidade galega.
- A distribución xeográfica dos SNL/SL é aleatoria e desigual.

## 4 Bases da proposta da CTNL

Dende a CTNL téñense constatado os problemas e carencias antes expostos e que son atrancos fundamentais que impiden o éxito do labor dos servicios lingüísticos e a rendibilización do seu traballo.

En boa medida, o labor da nosa asociación xorde por algunha desas necesidades dos SL, información, formación e coordinación (programación de cursos e xornadas, edición do boletín *Novas*, etcétera e vén ser por Isto polo que a busca das solucións antes apuntadas son o noso obxectivo prioritario. Así, tendo en conta os problemas e experiencias doutras comunidades apuntamos cara a un modelo organizativo que teña en conta os puntos seguintes:

- Poñer en marcha un programa global para todo o territorio que cubra as necesidades de tódolos concellos en materia de normalización da lingua e permita avanzar na galeguización de todo tipo de entidades - administración, empresas e asociacións-. No deseño e aplicación do modelo global a cada zona (concello, comarca, etcétera), deberán terse en conta as características sociolingüísticas de cada lugar, as súas necesidades e posibilidades.
- Crear unha estrutura única estable da que dependan os servicios lingüísticos, con órganos de decisión nos que participen as distintas entidades responsables: Administración autonómica e local.
- Rendibilizar recursos existentes, xa de por si escasos, articulando unha rede de coordinación, posta en marcha de programas comúns, recursos de apoio, etcétera.
- Garantir a solidez, continuidade e prestixio do proceso de normalización a través da necesaria estabilidade dunha estrutura, do seu funcionamento e do seu *status* legal.
- Dispor de persoal especializado, con posibilidades de recibir formación axeitada e reciclaxe permanente.
- A rede estable, co seu *status* legal e xurídico, deseñaría-se tendo en conta a distribución comarcal e municipal do territorio pero respondendo a un principio de integración de todos os técnicos. O seu funcionamento estruturaríase arredor de programas globais que se desenvolverían e especializarían en cada zona e se completarían con outros propios de cada nó da estrutura. Na distribución territorial deberían terse especialmente en conta os mapas comarcais e municipais pero deseñaría-se sobre todo a partir de criterios sociolingüísticos, económicos, demográficos e de rendibilidade do proceso.

## 5 A proposta

De acordo cos criterios expostos, a CTNL propón a creación dun organismo, participado pola Administración autonómica e a Administración local, encargado de deseñar e executar programas de normalización dirixidos a todo o territorio galego, con distintos niveis de desenvolvemento, e que responde a necesidades sociolingüísticas de cada zona ofrecendo servicios ben dimensionados a entidades comarcais, concellos, empresas e entidades sociais.

### 5.1 O modelo de organización

Como proposta inicial, e aberta ás correccións que puidesen facérselle ou a outras solucións máis axeitadas, consideramos que unha posible figura xurídica para levar a cabo este propósito sería a dun consorcio das dúas Administracións, autonómica e local. Esta entidade, o consorcio, con entidade xurídica, financiaríase coa contribución proporcional de cada unha das partes -establecida a partir duns criterios- e contaría coa autonomía necesaria par cumprir-los fins específicos que recollan os seus estatutos.

Cómpre diferenciar dentro deste consorcio dous niveis:

- Nivel político  
As administracións participantes, amais de contribuír economicamente á súa creación e mantemento, terían o seu papel na toma de decisións sobre programas que cumpriría executar, no nivel político de toma de decisións. É dicir, os programas que o consorcio leve a cabo serían aprobados polo seu máximo órgano de decisión do que forman parte tanto a Administración autonómica como os concellos ou outras entidades locais participantes. Deste órgano ou órganos de decisión política dependería o nivel técnico do que recibiría asesoramento.
- Nivel técnico  
Este segundo chanzo da estrutura sería o encargado de deseñar e coordina-los programas de normalización lingüística consonte as directrices marcadas polo nivel de decisión política.  
Dentro deste nivel técnico cómpre facer unha segunda división de responsabilidades entre a área administrativa e de xestión, que daría soporte a todo o organismo dirixida dende unha xerencia, e a área de normalización, que se encargaría propiamente do deseño técnico e da execución dos programas. A área técnica, formada por un equipo cualificado, coordinaría o deseño dos programas globais, elaborados coa participación, mediante comisións, dos técnicos responsables en cada unidade territorial. Neste labor debería procurarse unha certa especialización e debería contarse co asesoramento doutros centros -de terminoloxía, de investigación lingüística, de formación ou de documentación, etcétera- e cabería a posibilidade de que participasen tamén outras entidades. Así mesmo a área técnica estaría encargada de coordina-la

execución dos programas no nivel seguinte, nas unidades territoriais, de asesorar a esas unidades e de avalia-lo proceso completo de deseño e execución, para dar conta ó nivel político.

## **5.2 As unidades territoriais**

Crearíase unha rede de unidades territoriais compostas por persoal técnico e administrativo asentadas en cada unha das zonas previamente delimitadas.

Cada unidade, implantada nunha zona, deberá estar dotada dos recursos materiais necesarios para o seu funcionamento que poden ser propios da entidade-consorcio ou ser cedidos polas administracións locais, interesadas dende a súa participación na creación do consorcio e como receptoras de servizos.

Estas zonas, que poden corresponder xeograficamente a unha comarca -entendida como entidade que aglutina máis dun municipio-, a un único concello ou mesmo a un distrito dentro dun concello, se fose o caso, deseñaríanse consonte a uns criterios sociolingüísticos, xeográficos, demográficos, económicos, administrativos e de rendibilidade para o proceso de normalización que precisan dun coidadoso estudo. En cada unidade territorial, o equipo técnico, composto por un número de técnicos axeitado a cada caso, tería como tarefas:

- participar no deseño dos programas globais;
- desenvolver e executa-los programas globais no seu ámbito de actuación;
- deseñar programas específicos para ese territorio co asesoramento do nivel técnico 1;
- executa-los programas específicos;
- avaliar tódolos programas no seu nivel.

A programación, tanto a global como a específica, estará dirixida a dar servizo -a incluílas no proceso de normalización- a tódalas entidades presentes no ámbito territorial de actuación (administracións e entidades públicas, empresas, asociacións etcétera). Poderíanse, mesmo, establecer convenios puntuais para actuacións máis específicas con algunha das entidades presentes.

O persoal administrativo de cada un destes centros territoriais daría soporte á xestión de todas estas tarefas.

Á parte dos distintos tipos de unidades territoriais dependentes organicamente dese consorcio -ou do modelo de entidade que se adopte- que poidan crearse en función do volume de traballo e da amplitude do seu ámbito de actuación, alí onde xa existen servizos de normalización estables como é o caso dalgúns concellos, poderán manterse, se se considera oportuno, coa mesma dependencia que teñen na actualidade, pero garantindo a súa integración na estrutura e a coordinación con todo o esquema de traballo a través da participación dos concellos de que dependen no consorcio. Habería logo dous tipos de unidades territoriais, as propias do consorcio e as dos concellos, pero todas elas integradas nun único esquema de funcionamento.

### **5.3 O modelo de servicios**

Tanto no primeiro nivel técnico como nas unidades territoriais, as tarefas deberían organizarse de acordo cun modelo unificado de servicio para o que nos remitimos ás directrices que recollía o *Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais*, publicado pola Xunta de Galicia no ano 1995.

Basicamente esas orientacións enfocaban o deseño dos servicios cun dobre ámbito de actuación, interno e externo, que neste caso se concretaría na cobertura de servicios para o interior da administración e tamén para todo o resto de entidades que actúan no territorio.

Asemade, sinalábase que o labor debería desenvolverse en dous grandes campos, o lingüístico e o sociolingüístico. Isto podería completarse cunha maior especialización en tarefas de dinamización, asesoramento lingüístico e formación, sempre tendo en conta o esquema de desenvolvemento dos programas explicado máis arriba.

Parécenos importante resaltar que un dos elementos en que debería sustentarse a nosa proposta é a coordinación horizontal e vertical de todos os niveis da estrutura e desta con tódalas demais entidades actuantes no proceso de normalización lingüística.

### **5.4 As vantaxes da proposta**

Este deseño permite rendibiliza-los recursos económicos, materiais e humanos para obter melloras significativas nos resultados. A especialización das tarefas; o aproveitamento dos materiais que se editan para programas e campañas; o achegamento ás necesidades reais; a oferta global de servicios; unha metodoloxía de traballo única, integradora, clara e eficaz; a posibilidade de avalia-lo proceso na súa totalidade ou en cada un dos niveis e, en definitiva, a unificación dos esforzos nunha única dirección, son algunhas das características da proposta que nos parecen abondo significativas.



## 6 Estimación dos custos para un exemplo de aplicación da proposta

### SERVICIOS CENTRAIS

#### Persoal / Infraestructura

Designación	Núm.	Custo
Director técnico	1	6.233.500 pta
Xerente	1	5.233.500 pta
Técnicos (4.315.500x4)	4	17.262.000 pta
Administrativos (2.800.000x3)	3	8.400.000 pta
<b>Subtotal</b>	<b>9</b>	<b>37.096.100 pta</b>

#### Gastos de funcionamento

Tipo de equipamento	Custo
Equipamento ofimático	5.150.000 pta
Mobiliario	3.600.000 pta
Material bibliográfico	1.250.000 pta
Coordinación	3.000.000 pta
Gastos ordinarios	2.400.000 pta
Axudas de custo	4.000.000 pta
Actuacións	9.000.000 pta
<b>Subtotal</b>	<b>29.400.000 pta</b>

**Custo total: 66.496.100 pta**

### SERVICIOS COMARCAIS [servicio tipo de atención a 6 concellos]

#### Persoal

Designación	Núm.	Custo
Técnicos (3.836.000x2)	2	7.672.000 pta
Administrativo	1	2.800.000 pta
<b>Subtotal</b>	<b>3</b>	<b>10.472.000 pta</b>

### Gastos de funcionamento

Tipo de equipamento	custo
Equipamento ofimático	1.500.000 pts.
Mobiliario	900.000 pts.
Material bibliográfico	150.000 pts.
Gastos ordinarios	400.000 pts.
Actuacións	2.000.000 pts.
<b>Subtotal</b>	<b>4.950.000 pts.</b>

**Custo total: 15.422.280 pta**

### CADRO COMPARATIVO COS CUSTOS ACTUAIS

	Actualidade	Proposta
<b>Orzamento desde a Xunta de Galicia</b>	235.000 pta (*)	235.000.000 (**) pta
<b>Servicios</b>	45 inestables	11 estables
<b>Concellos atendidos</b>	45	66 + atención desde servicios centrais
<b>Postos de traballo</b>	45 a tempo parcial	42 a tempo completo (***)
<b>Coordinación</b>	Non	Si

(\*) 235 millóns = 200 millóns do convenio asinado coa consellería da Presidencia para actuacións en normalización lingüística, máis 35 millóns con que subvenciona Xustiza SNL dos concellos.

Non se conta coa achega do 50% restante que poñen os concellos.

(\*\*) Seguimos manexando a cifra anterior. De sumarlle a achega dos concellos, a oferta de servicios e o número de postos de traballo creados aumentaría considerablemente.

(\*\*\*) Cadro de persoal formado por: 1 xerente, 22+4+1 técnicos normalización e 14 administrativos